

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE,
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 12.11.2020 Hora: 10:30

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 12 de novembro de 2020, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Preguntas

- 1.1 868 (11/POC-000101)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 7 máis
Sobre os obxectivos e finalidade dos convenios de colaboración coas federacións de mulleres rurais de Galicia, así como sobre o seguimento e a valoración que se fai deles
Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG n.º 9, do 02.09.2020
- 1.2 1846 (11/POC-000295)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre a valoración que fai o Sergas do funcionamento do sistema de decisión respecto da realización das probas PCR á poboación e da súa notificación, así como os datos ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 19, do 22.09.2020
- 1.3 2006 (11/POC-000327)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria
Sobre as previsións do Goberno galego referidas ao posible recorte dos servizos, que na actualidade realizan as ambulancias, no novo concurso para a prestación do servizo de transporte sanitario terrestre non urxente e, en particular, ao establecemento da posibilidade de realizar traslados para diálise, determinados tratamentos e/ou rehabilitacións en taxis e/ou vehículos de transporte con condutor (VTC)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 19, do 22.09.2020
- 1.4 2926 (11/POC-000460)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio
Sobre a opinión do Goberno galego referida á necesidade de elaborar un plan específico que permita evitar o risco de exclusión nas familias que teñen baixos ou nulos ingresos, en especial naquelas con menores ao seu

cargo, a realización dalgún estudo referido á situación de pobreza no contexto actual e, se é o caso, os seus resultados e a valoración que fai ao respecto

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 31, do 15.10.2020

- 1.5 3542 (11/POC-000571)
 Grupo Parlamentario Popular de Galicia
 Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María e 6 máis
 Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da resolución do concurso público convocado en xuño de 2018 para a adxudicación de novas oficinas de farmacia
 Publicación da iniciativa, BOPG n.º 34, do 22.10.2020
- 1.6 4102 (11/POC-000673)
 Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
 Carreira Pazos, Iria e 2 máis
 Sobre as razóns da Xunta de Galicia para utilizar estudantes de enfermaría en lugar de contratar profesionais cualificados para realizar os cribados da covid-19, a supervisión deste alumnado durante a execución destas tarefas e as medidas previstas para recuperar a formación perdida durante ese período. (Procedemento de urxencia)
 Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG n.º 36, do 28.10.2020

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2020



María Corina Porro Martínez

Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

María Corina Porro Martínez

P

Vicepresidente

Miguel Ángel Tellado Filgueira

P

Secretaria

Iria Carreira Pazos

BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz

P

Marina Ortega Otero

S

José Alberto Pazos Couñago

P

Noelia Pérez López

P

María Montserrat Prado Cores

BNG

Olalla Rodil Fernández

BNG

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez

P

María Elena Suárez Sarmiento

P

Julio Torrado Quintela

S

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 12.11.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 12.11.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 868(11/POC-000101)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre os obxectivos e finalidade dos convenios de
colaboración coas federacións de mulleres rurais de Galicia,
así como sobre o seguimento e a valoración que se fai deles

Publicación iniciativa vía urxencia, 9, 02.09.2020

Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, María Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarnación Amigo Díaz, Elena Candia López, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Elena Suárez Sarmiento deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral en **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos.

A Estratexia Europea do 2020 marca o camiño do noso Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020, que ten como un dos seus catro principios transversais o impulso da innovación e a fixación da poboación no medio rural. Para seguir sumando, temos o marco do Plan de desenvolvemento rural 2014-2020 con proxectos de formación e mellora de competitividade do sector agrícola e dos ecosistemas no noso territorio.

Non quedamos atrás noutras temáticas e tal e como marca o VII Plan Estratéxico de Galicia para a Igualdade de Oportunidades entre homes e mulleres 2017-2020 reflíctense, dentro dos seus obxectivos, a cohesión territorial e a fixación da poboación no medio rural. E dun xeito transversal empapa a todas as áreas estratéxicas na educación e nos valores, na xestión dos traballos e dos tempos, no emprego e na innovación, na participación e no liderado, e por suposto na calidade de vida e no benestar.

En Galicia, segundo o INE contamos coa metade dos núcleos de poboación de toda España, con 30.246. Deles, 9.226 teñen menos de 10 veciños. De aí o esforzo da Xunta de Galicia a través dos “impostos cero” para a compra dunha vivenda; a creación das “casas niño” para promover a conciliación; as “casas do maior” de atención á poboación envellecida, o fomento da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e, e por suposto, o reforzo na prevención, sensibilización, asistencia e protección fronte a violencia de xénero. Todas estas medidas forman parte da aposta do goberno polo medio rural.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes Preguntas Oraís en Comisión:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



1. Cales son os obxectivos e finalidade dos Convenios de colaboración cas Federacións de Mulleres Rurais de Galicia?
2. Que seguimento e valoración se fai dos mesmos?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 26/08/2020 17:37:43

María Corina Porro Martínez na data 26/08/2020 17:37:56

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 26/08/2020 17:38:06

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/08/2020 17:38:35

María Elena Candia López na data 26/08/2020 17:39:02

José Alberto Pazos Couñago na data 26/08/2020 17:39:19

Noelia Pérez López na data 26/08/2020 17:39:32

María Elena Suárez Sarmiento na data 26/08/2020 17:39:42



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 12.11.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 1846(11/POC-000295)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a valoración que fai o Sergas do funcionamento do sistema de decisión respecto da realización das probas PCR á poboación e da súa notificación, así como os datos ao respecto

Publicación da iniciativa, 19, 22.09.2020



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2020 18:10:46
Nº Rexistro: 1846
Data envío: 14/09/2020 18:10:46.509

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A necesidade de controlar e facer un nítido e eficiente seguimento de contactos e grupos de risco nesta fase de combate contra a pandemia provocada pola COVID vese afectada pola falta de explicacións e claridade sobre o número e labor dos/as rastrexadores/as da Xunta de Galicia. Este problema engádese aos confusos criterios de citación para a realización de probas PCR, variables segundo as áreas sanitarias e sen un sistema de xestión de todo transparente.

Froito de todo o anterior, véñense coñecendo a través de medios de comunicación as informacións que difunde o propio Sergas sobre a ausencia de persoas citadas para probas PCR ou para o estudo serolóxico autonómico. Esta información contribúe a descargar a responsabilidade nas persoas que non acoden, provocando ademais unha tensión social comprensible.

Non en tanto, aínda existen dúbidas sobre os criterios e sistemas de citación e realización de probas que o Sergas non aclara, como a verificación da notificación das probas (realización e resultado) ou a dificultade que varias persoas usuarias están explicitando para coñecer que son citados para estas probas.

Por todo isto sería oportuno clarear o sistema de citación, e permitir resolver as dúbidas sobre o funcionamento do sistema de realización de probas a poboación xeral, para evitar a atribución errónea de responsabilidades e contribuír a unha máis eficiente labor de control da pandemia.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración lle merece ao Sergas o sistema de decisión sobre a realización de probas e a súa notificación?
2. Con que medios está o Sergas realizando a notificación de citas para a realización das probas PCR ou do estudo serolóxico autonómico?

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2020 18:10:46
Nº Rexistro: 1846
Data envío: 14/09/2020 18:10:46.509

3. Como garante o Sergas que a notificación da cita está recibida polas persoas usuarias?
4. Que volume de citas programadas polo Sergas foi efectiva finalmente ao realizar a proba requirida?

Pazo do Parlamento, 14 de setembro do 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 14/09/2020 18:09:10

Marina Ortega Otero na data 14/09/2020 18:09:18



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 12.11.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 2006(11/POC-000327)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria

Sobre as previsións do Goberno galego referidas ao posible recorte dos servizos, que na actualidade realizan as ambulancias, no novo concurso para a prestación do servizo de transporte sanitario terrestre non urxente e, en particular, ao establecemento da posibilidade de realizar traslados para diálise, determinados tratamentos e/ou rehabilitacións en taxis e/ou vehículos de transporte con condutor (VTC)

Publicación da iniciativa, 19, 22.09.2020



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2020 16:59:37
Nº Rexistro: 2006
Data envío: 16/09/2020 16:59:37.468

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa a coñecer a posición da Xunta de Galiza diante da posibilidade de que determinados servizos que na actualidade se realizan por ambulancias poidan pasar a realízalos taxis.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Servizo de Transporte Sanitario Terrestre non Urxente é o que realiza os traslados de doentes desde os seus domicilios até os servizos sanitarios para recibir tratamentos programados de oncoloxía, quimioterapia, radioterapia, diálise, rehabilitación..., ou entre un centro hospitalario e outro, ou ao domicilio.

O concurso polo que a Xunta de Galiza ten adxudicado este servizo está caducado desde o pasado mes de agosto de 2019, anunciando o SERGAS ao sector unha prórroga de seis meses até o mes de Febreiro de 2020.

En espera de que o Sergas faga pública a convocatoria dun novo concurso, saltan as alarmas diante de informacións publicadas no senso de que parte dos servizos que veñen prestando até o de agora polas ambulancias poden pasar a realizarse a través de taxis ou VTCs. De producirse este feito sería un novo paso na liberalización e mercantilización dun servizo esencial como é a atención sanitaria, con consecuencias negativas tanto na calidade asistencial como no ámbito laboral.

CSM-REXISTROHMDXJ5U8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 16/09/2020 16:59:37

Nº Rexistro: 2006

Data envío: 16/09/2020 16:59:37.468

Na concesión actual todos os desprazamentos realízanse en ambulancia, que son vehículos adecuados e preparados para este tipo de traslados e que contan con técnicos con formación e unha titulación específica para atender aos e ás doentes.

En Galiza o transporte sanitario ven regulado no Decreto 52/2015, do 5 de marzo, no que se establecen as condicións técnicas requiridas aos vehículos, ambulancias, que prestan o servizo de transporte sanitario por estrada, así como a dotación de persoal precisa e a cualificación profesional requirida.

Polas razóns expostas fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

-Ten pensado o Goberno galego recortar servizos que na actualidade se realicen en ambulancia de cara ao novo concurso do transporte sanitario non urgente e en particular abrir a posibilidade de que se podan realizar traslados de diálises, determinados tratamentos e/ou rehabilitacións en taxis e/ou VTC?

-Coida que se podería realizar este servizo con calidade asistencial se pasaren a prestalo vehículos e profesionais non sanitarios?

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2020 16:59:37
Nº Rexistro: 2006
Data envío: 16/09/2020 16:59:37.468

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 16/09/2020 16:55:04

Iria Carreira Pazos na data 16/09/2020 16:55:19

CSV REXISTRO HTML de X5J8
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 12.11.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 2926(11/POC-000460)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a opinión do Goberno galego referida á necesidade de elaborar un plan específico que permita evitar o risco de exclusión nas familias que teñen baixos ou nulos ingresos, en especial naquelas con menores ao seu cargo, a realización dalgún estudo referido á situación de pobreza no contexto actual e, se é o caso, os seus resultados e a valoración que fai ao respecto

Publicación da iniciativa, 31, 15.10.2020



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2020 10:32:42
Nº Rexistro: 2926
Data envío: 05/10/2020 10:32:42.677

Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Os últimos datos en Galicia, respecto ao risco de pobreza son preocupantes. Estamos a falar de datos con anterioridade á pandemia na cal estamos inmersos. En concreto, 2019 pechou o ano cun 20 % da cidadanía galega en risco de pobreza, o que supuxo un incremento de 1,2 puntos respecto ao 2018 e o risco de pobreza e exclusión Social (AROPE) 24,3 %. Máis de medio millón de persoas sufriron risco de pobreza en Galicia.

Este tipo de datos son alarmantes por si mesmos, pero neste momento engádese un agravante maior, dada a crise sanitaria e económica xerada pola pandemia do coronavirus Covid-19.

Segundo os datos aportados polo Alto Comisionado contra a Pobreza Infantil no noso país, indican un repunte nos fogares sen ingresos con polo menos un neno, nena ou adolescente durante os meses de confinamento.

Tendo en conta a situación e os datos, é vital un plan de acción para combater a pobreza a todos os niveis por parte da Xunta de Galicia e colaboración con outras administracións que teñen un acceso e información directa e máis próxima á cidadanía, coma os concellos. Especialmente naqueles sectores da poboación máis vulnerables coma os casos de familias con menores a cargo.

Hoxe máis ca nunca é fundamental dotar de recursos a una situación excepcional, pola cal se garanta a igualdade de oportunidades, especialmente naqueles fogares con menores que teñen pendente o seu desenvolvemento a todos os niveis.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2020 10:32:42
Nº Rexistro: 2926
Data envío: 05/10/2020 10:32:42,677

- 1.ª) Considera a Xunta de Galicia necesario elaborar algún plan específico que permita evitar o risco de exclusión nas familias que teñen baixos ou nulos ingresos, especialmente en familias con menores a cargo?
- 2.ª) Ten feito algún estudio sobre a situación de pobreza no contexto actual?
- 3.ª) Se o ten feito, que resultados ten atopado e que valoración fai dos mesmos?
- 4.ª) Se non o ten feito, cal é o motivo?

Pazo do Parlamento, 02 de outubro de 2020

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela Marina Ortega Otero
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 05/10/2020 10:29:00

Julio Torrado Quintela na data 05/10/2020 10:29:25



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 12.11.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 3542(11/POC-000571)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María e 6 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da resolución do concurso público convocado en xuño de 2018 para a adxudicación de novas oficinas de farmacia

Publicación da iniciativa, 34, 22.10.2020

Á Mesa do Parlamento

Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Encarna Amigo Díaz, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Elena Suárez Sarmiento e, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

As oficinas de farmacia son definidas na Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade como establecementos sanitarios privados de interese público.

O artigo 1 da Lei 16/1997, do 25 de abril, de regulación de servizos das oficinas de farmacia di que corresponde ás comunidades autónomas establecer o procedemento específico para a autorización de novas oficinas de farmacia, de acordo cos principios de publicidade, transparencia e seguridade xurídica.

E polo que na nosa Comunidade Autónoma se publica a Resolución de 2 de xullo de 2018 pola que se convoca concurso público para a adxudicación de 41 novas oficinas de farmacia, e a resolución de 8 de xuño de 2020 as adxudica definitivamente.

Foi un proceso de case 2 anos cun traballo moi longo que se iniciou coa aprobación do mapa farmacéutico de Galicia (mediante o Decreto 127/2017, de 23 de novembro). Este é polo tanto o primeiro concurso que se fai co novo mapa.

Entre outros cambios que se fixeron para actualizar a lexislación, e adecuala a nova situación en Galicia, se promulgou o Decreto 66/2018, de 14 de xuño, que modifica a normativa anterior, que era do ano 2001, sobre a planificación, apertura, traslado, peche e transmisión de oficinas de farmacia.

Esta modificación era imprescindible para o novo concurso e sobre todo para modificar o baremo de méritos do mesmo, neste último se lle deu moita importancia a carreira profesional exercida no ámbito da farmacia comunitaria.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 3542
Data envío: 14/10/2020 14:21:06.127

Como dicíamos un proceso longo con moitos recursos polo medio que a Consellería de Sanidade gañou, pero sobre todo, o que gañou foi o rural galego con esas 20 novas farmacias que garanten a cidadanía unha atención eficaz, eficiente e de calidade .

Vendo a importancia que ten este concurso e polo que os deputados asinantes formulamos a seguinte pregunta en comisión:

Cal é a valoración que fai a Xunta da resolución do concurso público para a adxudicación de novas oficinas de farmacia que acaba de resolverse fai uns meses?.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2020.

**Asinado
dixitalm
ente
por:**

**Marta
Rodríguez
Vispo
Rodríguez
na
data
14/10/
2020
14:17:5
4**

María

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV REXISTRO RGX59164
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 3542
Data envío: 14/10/2020 14:21:06.127

**Encarna
ción
Amigo
Díaz na
data
14/10/
2020
14:18:1
8**

**María
Corina
Porro
Martíne
z na
data
14/10/
2020
14:18:3
2**

**Miguel
Angel
Tellado
Filgueir
a na
data
14/10/
2020
14:18:4
6**

**José
Alberto
Pazos
Couñag
o na
data
14/10/
2020
14:19:1
0**

**Noelia
Pérez
López
na data**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV REXISTRO RGX59164
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 3542
Data envío: 14/10/2020 14:21:06.127

**14/10/
2020
14:19:1
9**

**María
Elena
Suárez
Sarmie
nto na
data
14/10/
2020
14:19:3
4**



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 12.11.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 4102(11/POC-000673)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 2 máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para utilizar estudantes de enfermaría en lugar de contratar profesionais cualificados para realizar os cribados da covid-19, a supervisión deste alumnado durante a execución destas tarefas e as medidas previstas para recuperar a formación perdida durante ese período. (Procedemento de urxencia)

Publicación iniciativa vía urxencia, 36, 28.10.2020



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2020 10:41:05
Nº Rexistro: 4102
Data envío: 23/10/2020 10:41:05.258

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 98 no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, sobre a utilización de estudantes de enfermaría para a realización de cribados da COVID-19.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola alarma xerada pola utilización de studentxs de enfermaría para realizar os cribados da Covid-19.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o mércores 21 de outubro están a realizárense cribados nos campus das 3 universidades galegas para a detección de pacientes portadorxs asintomáticxs do virus SARS-CoV-2 entre xs estudantes universitarixs. Este cribado foi impulsado pola Xunta de Galiza e levarase a cabo mediante tests rápidos de dobre banda facilitados desde o propio Sergas, a pesar de que o material de protección necesario así como o acondicionamento dos espazos correu a conta das Universidades.

Segundo o anunciado polas universidades, estes tests serán realizados por estudantes de Enfermaría en lugar de por profesionais tituladxs, ofrecéndoselle a cambio unha convalidación por horas de prácticas, o que supón unha eiva para estas estudantes,

CS14-REXISTRO09F-5580x3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2020 10:41:05
Nº Rexistro: 4102
Data envío: 23/10/2020 10:41:05.258

que pasan a realizar tarefas de escaso labor formativo en lugar das prácticas estipuladas polo seu plan de estudos.

Polas razóns expostas fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

- Por que utiliza a Xunta de Galiza a estudantes para a realización destes cribados e cal é a razón pola que o goberno galego non contrata a profesionais cualificadxs?
- Foi supervisado o alumnado durante a realización destas tarefas?
- Que medidas ten contempladas o goberno galego para recuperar a formación perdida destxs estudantes durante a realización do cribado?

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2020

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**
Montserrat Prado Cores
Olalla Rodil Fernández
Deputadas do G.P. do BNG

CSV REXISTRO3PF258Roz3
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2020 10:41:05
Nº Rexistro: 4102
Data envío: 23/10/2020 10:41:05.258

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 23/10/2020 10:24:33

María Montserrat Prado Cores na data 23/10/2020 10:24:44

Olalla Rodil Fernández na data 23/10/2020 10:25:23

CSV REXISTRO3PF58Roz3
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

